



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DE SANIDADE

XINZO DE LIMIA

REGISTRO ENTRADA

2023-E-RC-5868

25/09/2023 13:25



Campaña de vacinación fronte a gripe e a COVID-19 2023

En Santiago de Compostela, a 18 de setembro de 2023

Estimada/o Sra/Sr Alcaldesa/Alcalde,

Compráceme comunicarlle que a Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública e do Servizo Galego de Saúde, porá en marcha un ano máis a campaña anual de vacinación antigripal de xeito conxunto coa vacinación fronte a COVID-19.

A vacinación comenará o día 25 de setembro e rematará o vindeiro 31 de decembro e, coma na campaña anterior, o inicio será secuencial para favorecer a priorización dos colectivos con maior risco.

Gustaríame solicitar a súa colaboración para a difusión desta campaña que pretende mellorar a saúde da poboación galega, reducindo a incidencia da gripe e da COVID-19 e a diminución das súas complicacións, así como o risco de hospitalización e morte relacionadas con elas.

Por este motivo, facémolles chegar os carteis divulgativos da actual campaña para que realice a difusión que crea oportuna naqueles centros dependentes do seu concello, como as dependencias municipais, centros sociais ou deportivos, co fin de facilitar información aos seus cidadáns para que poidan coñecela, soliciten cita e acudan a vacinarse ao seu centro sanitario.

Informámoslle tamén de que a Consellería de Sanidade pon á súa disposición a páxina web temática da gripe <https://gripe.sergas.gal>.

Sen máis, agradecerlle de antemán a súa inestimable colaboración.

Un cordial saúdo,

Carmen Durán Parrondo

Directora xeral de Saúde Pública

DIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE PÚBLICA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
Edificio Administrativo de San Lázaro
15703 - Santiago de Compostela
Tel. 881 542 930
www.sergas.es